



INNO LAB

www.rseinlabgal.com

REDE RSE INNOLABS





A RSE-Innolab é unha oficina de apoio en materia de responsabilidade social empresarial.

Está enmarcada no proxecto POCTEP GEMCAT Xeración de Emprego de Calidade Transfronteirizo, impulsado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A través desta oficina proporcionaranse solucións concretas aos desafíos da RSE:

Ofrecerlles servizos de apoio, difusión e asesoramento en RSE ás empresas.

Mentorizar empresas interesadas en establecer un plan de acción e implantar medidas neste ámbito.

Recompilar e estudar innovacións e boas prácticas exitosas para promocionalas e estudar a súa implantación en empresas do ámbito territorial do proxecto.

A QUEN SE DIRIXE?

Poderá participar toda empresa ou persoa traballadora autónoma con sede no ámbito territorial do proxecto GEMCAT (Galicia, norte de Portugal, Castela e León, e Estremadura), independentemente da súa fórmula xurídica e do seu sector.

CALES SON OS SEUS OBXECTIVOS?



Fomentar a RSE a través da mellora dos coñecementos e as experiencias.

Motivar as empresas para que afonden na senda da RSE como modelo sustentable.



Acercar coñecementos e recursos.

Aumentar a visibilidade, a difusión e a promoción de experiencias RSE entre as empresas.



Crear e propiciar un marco para o intercambio de experiencias, estratexias e sensibilidades, vinculadas á RSE e á sustentabilidade.

Identificar sinerxías de proxectos e fomentar o networking.



Identificar ideas innovadoras que poden ser reproducibles.

Deseñar proxectos de RSE xeradores de emprego de calidade.



O espazo RSE-Innolab estará aberto ao longo do ano 2019.

QUE OFRECE O RSE-INNOLAB?

- **Servizo permanente de información sobre RSE**, programas de axuda, boas prácticas, ferramentas dispoñibles etc. Servizo presencial e en liña.
- **Formación** sobre metodoloxías para o deseño e o impulso de proxectos de RSE.
- Deseño de experiencias innovadoras a través de encontros entre empresas e **eventos de networking**.
- Identificación de ideas innovadoras en materia de RSE a través de **dinámicas de creatividade**.
- **Vixilancia e observación de iniciativas** exitosas a nivel internacional sobre RSE co obxectivo de promovelas e estudar a súa implantación en empresas dos territorios participantes.
- **Asesoramento** a través dunha rede de mentores para que pemes transfronteirizas poidan deseñar proxectos de RSE xeradores de emprego de calidade.

CATÁLOGO DE ACTIVIDADES

FORMACIÓN ESPECIALIZADA

Programa formativo mensual sobre a RSE dirixido aos diferentes colectivos dunha empresa. Este programa formativo estará baseado nunha metodoloxía blended learning (B-Learning), que consistirá nun proceso semipresencial que combina a formación en liña e presencial.



DINÁMICAS DE CREATIVIDADE

Desenvolveranse dinámicas de creatividade vinculadas á materia de cada curso formativo.



SESIÓNS DE NETWORKING

Mensualmente levarase a cabo un encontro de networking para o intercambio de experiencias en materia de RSE.



PROGRAMA DE MENTORIZAXE PARA PEMES

Programa formativo mensual sobre a RSE dirixido aos diferentes colectivos dunha empresa.



TITORIZACIÓN / ASESORAMENTO INDIVIDUAL

Servizo de asesoramento e información permanente sobre RSE (presencial e en liña).

*Todas as actividades son gratuítas.



LOCALIZACIÓN FÍSICA
INSTALACIÓNS DA CONFEDERACIÓN
DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA (CEP)
Avda. García Barbón, 104, 36201 Vigo

CONTACTO
+34 664 607 330
rseinolab-g@gemcat.eu
www.rseinolabgal.com



**XUNTA
DE GALICIA**